

## AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA

### PLAN RENOVE DE CLIMATIZACIÓN

**Obxectivo:** O Plan Renove de Equipos de Climatización está incluído no Programa IDAE-INEGA 2009 de Axudas Públicas a Investimentos en Eficiencia Enerxética dentro do Plan de Acción 2008-2012 da E-4.

O obxectivo deste plan é reducir o consumo de enerxía das instalacións térmicas de calefacción, climatización e produción de auga quente sanitaria no sector residencial e terciario, a través da substitución de equipos convencionais (de baixa eficiencia) por equipos de alta eficiencia: caldeiras de condensación, equipos de climatización de clase A e bombas de calor de clase A.

Estas axudas xestionaranse mediante a colaboración dos instaladores que decidan adherirse ó Plan e están destinadas a persoas físicas ou xurídicas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Actuacións subvencionables:** Será subvencionable a compra de equipos de potencia nominal maior ou igual que 5 kW e menor e igual a 70 kW coas seguintes características:

- Caldeiras de condensación.(Rendemento: 4 estrelas ou equivalente)
- Equipos de aire acondicionado (só frío) aire-aire ou aire-auga.(Rendemento: clase A)
- Bombas de calor (só calor ou reversibles) que teñan como foco frío o aire.(Rendemento: clase A)

Inclúese a substitución de acumuladores eléctricos de calefacción por sistemas de calefacción a gas (só é elixible a caldeira) ou por bombas de calor.

Esta axuda é incompatible con calquera outra tramitada polo Inega para a mesma actuación.

**Contía da subvención:** A contía da axuda ascenderá a un máximo de 45€/kW da potencia nominal (en modo calefacción) da caldeira de condensación instalada co límite do 30% do seu custo (custo que será igual ou inferior ao de tarifa oficial incrementado cos impostos que correspondan).

No caso de equipos de equipos de aire acondicionado e bombas de calor que teñan como foco frío o aire, a contía máxima da axuda será de 150 euros/kW térmico co límite do 30% do seu custo (igual ou inferior ao de tarifa oficial incrementado cos impostos que correspondan).

**O prazo de presentación das solicitudes de axuda** permanecerá aberto desde o 1 de marzo de 2010 ata o día 30 de xuño de 2010 ou ata que se esgote o orzamento destinado a esta finalidade que ascende a 1.000.000 €.

**Prazo de adhesión dos instaladores:** O prazo de adhesión comeza o día 28 de decembro e remata o día 14 de febreiro de 2010.

Para aclarar calquera tipo de dúbida o Inega habilitou o seguinte número de teléfono: 981 54 15 18 e a conta de correo [renoveclimatizacion@inega.es](mailto:renoveclimatizacion@inega.es).

[Documento Completo do Plan Renove de Equipos de Climatización 2009 \[PDF\]](#)